



Ornela Fernández Salgado, voceira do Grupo Municipal do BNG de Vilaboa, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no Pleno do 27/01/10:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O trazado do "Camiño Xacobeo Portugués" ao seu paso por Vilaboa atópase en mal estado, con maleza e cun pavimento deficiente. Recentemente os tramos inmediatamente anteriores, que transcorren polas parroquias pontevedresas da Ponte Sampaio e A Canicouva, foron acondicionados. O tramo que pasa por Bértola e Figueirido, no termo municipal de Vilaboa non foron mellorados.

Tamén, hai que destacar que a día de hoxe, no que se refere ao Camiño Portugués, Vilaboa segue desaparecida. Na terceira etapa, de Redondela a Pontevedra, das seis na que divide o trazado entre Tui e Santiago nomea Redondela, Setefontes, Arcade, Ponte Sampaio, A Canicouva e salta directamente a Pontevedra sen mencionar para nada a Vilaboa. Así mesmo a web publica diferentes imaxes dos entornos do camiño e webs municipais volvendo a esquecerse de Vilaboa.

No Pleno do pasado mes de novembro o BNG xa advertira ao goberno municipal de que a anterior web do Xacobeo non mencionaba ao noso concello, pedindo que se tomaran as medidas oportunas para solucionar esta situación. Dous meses despois as cousas seguen igual.

Por iso solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro. O Concello de Vilaboa solicitará á S.A da Xestión do Plan do Xacobeo e á Xunta de Galiza, que se acometan as actuacións necesarias para acondicionar o camiñoa ao seu paso polo noso municipio.

Segundo. O Concello de Vilaboa dirixirásese á S.A. Da Xestión do Plan do Xacobeo para que inclúa a Vilaboa na súa páxina web como concello por onde transcorre o camiño portugués.

Vilaboa, 25 de xaneiro de 2010.

Ornela Fernández Salgado

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VILABOA